

## Para asociarse á Biblioteca do SNL é necesario:


- Achegar os seguintes datos (presencialmente ou por correo electrónico):

Nome e apelidos, enderezo, teléfono/s de contacto, correo electrónico

(Se representa a algunha entidade (centro escolar, AA.VV., etc.), ademais, os datos da dita entidade: nome da entidade, enderezo, teléfono/s de contacto, correo electrónico)

As persoas menores de 14 anos ademais deberán contar coa autorización paterna ou materna ou do titor/a.

- IMPRESCINDIBLE copia do DNI da persoa que se quere asociar. As persoas menores de 14 anos deberán achegar DNI do seu pai, nai ou titor/a.



**Protección de datos.** Os datos proporcionados incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación. A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento das persoas interesadas. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, logo do consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org). Así mesmo os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.